

II EDICIÓN DO PREMIO

MENSAXES

POLA

IGUALDADE

CIFP ÁNXEL CASAL - MONTE ALTO

BASES DA

CONVOCATORIA

PRIMEIRA- OBXECTO

O concurso Mensaxes pola igualdade ten como obxecto o fomento da cultura en igualdade mediante o deseño de lemas que contribúan de forma relevante ao avance no asentamento social da aposta pola igualdade de xénero.

Este ano o concurso pon o foco nos dereitos do colectivo LGTBI+.

O lema non poderá exceder os 70 caracteres.

Empregarán a lingua galega

SEGUNDA- PERSOAS DESTINATARIAS

Poderán presentar candidaturas todas as persoas que estean desempeñando o seu traballo ou cursando estudos no CIFP Ánxel Casal-Monte Alto durante o curso académico 2020-2021.

Só se admitirá unha candidatura por persoa física. A convocatoria tramitarase de xeito telemático, a través dun formulario de google drive que se distribuirá a través das redes sociais e a páxina web do centro.

TERCEIRA- PREMIOS

Establécese un primeiro e único premio que consistirá na utilización da mensaxe gañadora nas diferentes accións de formación e sensibilización que celebrará o CIFP Ánxel Casal Monte Alto ao longo do curso 2020/2021. No suposto de que ningunha das candidaturas acade a calidade técnica necesaria, este primeiro premio poderá declararse deserto. Ademais as primeiras 200 persoas participantes serán premiadas cunha botella reutilizable de 600ml (libre de BPA). Os premios á participación outorgaranse por estrita orde cronolóxica de presentación de solicitudes.

CUARTA- CANDIDATURAS

A participación xestionarase a través dun formulario electrónico cos seguintes campos:

- **Nome e apelidos da persoa participante.**
- **Ciclo e curso no que está matriculada ou posto de traballo.**
- **Enderezo electrónico.**
- **Lema: enunciado que exprese unha aspiración, un ideal ou pensamento en prol dos dereitos do colectivo LGTBI+.**
- **Declaración de consentimento expreso para o tratamento dos datos persoais que constan na solicitude para a participación no I Premio "Mensaxes pola igualdade", de conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.**

Serán rexeitadas automaticamente, e quedarán excluídas de calquera dos premios, as propostas que conteñan información maliciosa, non se cumprimenten os campos requiridos como obrigatorios ou cando conteñan incongruencias ou omisións que impidan o seu tratamento.

QUINTA- PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS

O prazo de presentación das candidaturas comezará o día 9 de novembro e rematará o día 20 de novembro de 2020, ás 22.00 horas.

As solicitudes presentaranse de xeito telemático, a través dun formulario de google drive. Non se terán por presentadas as solicitudes que se acheguen noutros rexistros, nin fóra do prazo estipulado.

SEXTA- XURADO

O xurado estará presidido pola persoa que ocupe a coordinación do equipo de igualdade do CIFP Ánxel Casal Monte Alto e formarán parte del persoal docente con experiencia e/ou formación en materia de igualdade de xénero. Unha vez reunido o xurado farase público o premio e comunicarse a data de entrega de agasallos.

SEPTIMA- CONCESIÓN

Para conceder os premios o xurado terá en conta os seguintes criterios:

- **Impacto social na defensa dos dereitos do colectivo LGTBI+, especialmente no contexto educativo.**
- **Integración da perspectiva de xénero na conceptualización e deseño do lema.**
- **Orixinalidade.**

O CIFP Ánxel Casal Monte Alto resérvase os dereitos de explotación da propiedade intelectual e en especial os dereitos de reprodución, distribución e comunicación pública por tempo indefinido para que a entidade poida empregar os lemas presentados para calquera actividade relacionada co fomento da igualdade de xénero.

OITAVA- ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases.